



## REALIDADE DA MOBILIDADE LABORAL NO SECTOR DA CONSTRUÇÃO NA EURO-REXIÓN GALIZA-NORTE DE PORTUGAL<sup>1</sup>

GUIMONDE, Ana  
DIÉGUEZ, M<sup>a</sup> Isabel  
Universidade de Vigo

CADIMA, José A.  
OLIVEIRA, Eduardo  
Universidade do Minho

### Resumo

Este estudo supón un primeiro achegamento á situación da mobilidade dos traballadores no sector da construción na Euro-rexió Galiza-Norte de Portugal. Indágase sobre as características da mobilidade laboral neste sector e os elementos e factores que determinan a mesma. A procura desta información permítenos establecer un diagnóstico da situación a fin de avanzar na mellor comprensión do fenómeno. A metodoloxía combina a análise das fontes estatísticas oficiais existentes, complementándose cunha análise de prensa que achega información cualitativa, e entrevistas a traballadores, organizacións sindicais e inspección de traballo. Como conclusións fórmulanse un conxunto de propostas a considerar para o mellor funcionamento deste concreto mercado de traballo.

*Palabras chave:* Construción, traballadores, mobilidade laboral, Euro-rexió

### Summary

This study tries to analyze the situation of the workers mobility in the construction sector in the Euro-region Galicia - North of Portugal. We will research on the characteristics of the labour mobility in this sector and the elements and factors that determine the same one.

This information allow us to establish a diagnosis of the situation to advance in the best comprehension of the phenomenon. The methodology combines the analysis of the official statistical sources, complementing itself with an analysis of the press that contributes qualitative information, and interview workers, union organizations and labour inspection. As conclusions we establish proposals to considering for the best functioning of this concrete labor market.

*Key-words:* Historical urban geography, urbanism of the renaissance, urban morphology, urban heritage, Braga.

\*\*\*



## 1. Introducción

O Tratado da Unión Europea de 1992 estableceu a abolición das fronteiras na Unión Europea. A partir deste marco histórico os cidadáns dos estados-membros pasaron a poder circular libremente entre países, vivir e traballar en calquer estado-membro.. As vantaxes deste fenómeno son fundamentalmente de carácter económico: explotación de recursos complementares, diminución de taxas de desemprego, transferencia de coñecementos, mellora das circunstancias económicas individuais para as persoas que non achan traballo no seu país de orixe, etc. O resultado perseguido a longo prazo é a consecución de mercados de traballo integrados.

Neste cadro, as características específicas e diferenciadas do desenvolvemento das actividades económicas e produtivas e as dinámicas sociais xeradas arredor do fluxo de traballadores redundan en modificacións da configuración inicial do mercados de traballo locais. Convén afondar na investigación deste tipo de casos para establecer cales son os factores caracterizadores do proceso de fluxo de traballadores, empregos, empresas e empregadores. Unicamente despois de coñecer en profundidade o proceso poderemos determinar se os efectos perseguidos de integración de mercados de traballo se teñen conseguido ou ben identificar posibles distorsións nos obxectivos. Indagaremos sobre a realidade deste fenómeno no caso concreto da Euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, tomando como referencia o sector da construción, un dos que ten experimentado nestes últimos anos maior pulo e dinamismo, por tanto, o candidato ideal para este tipo de análise.

O traballo estrutúrase en 5 seccións. Na segunda caracterízase o sector da construción en Galiza e Norte de Portugal, na terceira cuantifícase e tipifícase o fenómeno da mobilidade de traballadores portugueses cara a Galiza a partir da información estatística existente. Posteriormente na sección cuarta empregamos a metodoloxía consistente na análise das noticias da prensa e entrevistas cos principais axentes involucrados, para visualizar aspectos complementarios do mesmo. Na sección cinco expóñense e coméntanse os principais resultados e conclusións do traballo, achegando propostas concretas de actuación.



## 2. Sector da construción na Galiza e no Norte de Portugal

Os principais datos referidos á evolución do sector da construción en Galiza reflicten un forte incremento da produción do sector (superior ao experimentado polos restantes sectores de produción). A mosan tamén un forte crecemento do emprego e unha taxa de desemprego relativamente reducida despois do decrecemento nos últimos anos (6,6% de desemprego no sector fronte a un 7,3% no conxunto dos sectores produtivos galegos e o 8,5% de desemprego na construción no Estado Español segundo os datos do 3º trimestre do ano 2006). Alén disto, compre considerar que na actualidade a construción é un dos sectores mais relevantes na economía galega, é o segundo sector en termos de valor acrescentado -descontando os sectores de servizos-, unicamente superado polo sector da agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca.

En Portugal, e concretamente no Norte do país, a situación do sector despois de 2004 é a contraria da presentada en Galiza. A característica mais destacábel é a desaceleración no crecemento, que se pode comprobar no número de edificios rematados, na produción ou na evolución da ppopulación empregada no sector. Este estancamento afecta á rexión Norte, mais tamén se fai extensivo a todo o país. No entanto, compre destacar que a rexión Norte presenta unha maior especialización relativa no sector da construción que o resto do país.

A esta información pódemos engadir que os datos oficiais portugueses rexistran taxas de desemprego do 7,3%, crecendo esta nos últimos tempos, e no caso do Norte a taxa rexional de desemprego sitúase no 8,4%. No que di respeito aos datos procedentes do Instituto Nacional de Emprego para setembro do 2006, estabelecen como desempregados galegos en números absolutos no sector da construción a 14.652 persoas. En Portugal esta cifra é de 39.585.

En relación ás remuneracións salariais medias, estas son superiores en Galiza. Calculando para Portugal os valores medios do salario mensual correspondente ás 16 categorías laborais que se sitúan entre enxeñeiro civil e peón da construción, o valor obtido é de 779 euros. Realizando a mesma operación para os salarios mensuais aprobados por convenio en Galiza correspondentes ás



11 categorías laborais situadas entre titulado superior e peón ordinario obtemos un valor de 993,32 euros con diferenzas destacábeis entre provincias (1015 euros de media en Ourense, 952 en Coruña, 950 euros en Lugo e 1055 en Pontevedra).

Como resultado destes datos, podemos concluír que existen desequilibrios entre os territorios de Galiza e do Norte de Portugal, en termos de dinamismo produtivo e niveis salariais no sector da construción, feito que pode ter incidencia na mobilidade de traballadores portugueses para Galiza na procura de unhas mellores condicións salariais e de emprego.

### **3. Cuantificación e tipoloxía do fenómeno**

A mobilidade laboral nunha Euro-rexión presenta valores máis elevados que a observada entre territorios que non son fronteirizos. Neste ámbito pódese identificar o fluxo migratorio de longo prazo, aquél que implica o establecemento de residencia do emigrante no país de destino. Ademáis deste fluxo, establécese un fluxo migratorio de curto prazo que implica o desllocamento de traballadores con retorno continuo, xa que os traballadores compatibilizan o traballo nun territorio da Euro-rexión coa residencia noutro territorio. Nesta situación se sitúan os traballadores empregados por conta allea, que se deslocan para traballar no territorio de destino. Neste caso podemos distinguir entre traballadores transfronteirizos que se deslocan diaria ou semanalmente, con contrato de traballo no país de destino, manténdose a residencia no país de orixe, e por outra banda os traballadores destacados, que van traballar noutro país por contratación dunha empresa do seu país de orixe nunha situación de carácter temporal. A empresa para a que traballan asina con eles un contrato de traballo no país de orixe para realizar servizos en centros de traballo ou en empresas situadas no país de destino. Segundo o Dereito Comunitario, “un traballador destacado é todo aquel que realiza o seu traballado nun territorio dun Estado membro distinto daquel territorio no que traballa habitualmente” (Ceino, 2006)

As fonte estatísticas oficiais dispoñíbeis non permiten cuantificar o volume de traballadores transfronteirizos. O seu contrato realízase no país de destino e as fontes estatísticas españolas non



diferenzan entre contratos asinados con residentes e con non residentes. Cuantificar o destacamento a través das estatísticas tampouco é tarefa doada. Na medida en que as empresas que realizan estas actividades teñen a obrigatoriedade de comunicar á administración da Seguranza Social a información relativa aos destacamentos que realizan, a administración dispón de rexistros verificados neste ámbito, mais esta información non é pública.

En suma, a inexistencia de fontes de datos secundarios sobre traballo transfronteirizo ou destacamento de traballadores imposibilitou que documentásemos neste estudo o fluxo migratorio de curto prazo, restrinxíndonos ás fontes de datos secundarios que recollen a mobilidade laboral de longo prazo e que ofrecen datos sobre a cantidade e situación no mercado de traballo de cidadáns portugueses residentes permanentemente en Galiza.

Mesmo restrinxíndo a nosa análise apenas a este colectivo, o coñecemento da súa situación continúa a ser tarefa difícil co simple recurso a fontes estatísticas oficiais dispoñíbeis. A diversidade de fontes que ofrecen información dificulta a comparación entre os datos. Segundo sinalan varios traballos de investigación, os últimos Censos e Padróns de Población subestiman aos residentes e traballadores estranxeiros (López de Lera, 1991, Colectivo IOE, 1998; CES, 2004). Por outra banda, a utilización de datos do Ministerio de Traballo e Seguranza Social español implica contemplar unicamente aos traballadores en situación regular. Tampouco se recollen nas estatísticas oficiais informacións sobre variábeis tan importantes para a análise da situación dos traballadores estranxeiros no mercado laboral como son a cualificación do traballador, tipo de empresa na que traballa, remuneracións, tipo de contrato, etc.

Malia as citadas restricións, a análise das fontes oficiais ten a súa utilidade para obter unha primeira imaxe do traballo emigrante realizado no marco da legalidade e sintetizar algunhas conclusións iniciais do obxecto de análise deste traballo que se describen a continuación.



Segundo datos do *Patrón Municipal de Habitantes*, desde o ano 1998, o número de residentes portugueses na Galiza ten vido progresivamente a aumentar. Para o período 1998-2006 a porcentaxe de incremento global atinxe o 74,51%. O último dato dispoñíbel referido ao volume de cidadáns portugueses presentes en Galiza é de 13.188, o que representa o 62,83% dos estranxeiros procedentes da UE. Pontevedra e Ourense son as provincias onde reside maior comunidade de portugueses.

Como características da maó de obra portuguesa en Galiza, destaca a participación laboral máis elevada que a identificada para a maó de obra galega, sobre todo no caso dos homes. No entanto, esta é inferior ao conxunto dos estranxeiros, presentando con maior frecuencia situacións de desemprego.

Os traballadores portugueses ocupan maioritariamente postos de traballo pouco cualificados, ou que esixen cualificación especializada en industrias manufactureiras, de construción e extracción mineira. O maior continxente de traballadores portugueses traballan nas provincias limítrofes con Portugal, Pontevedra e Ourense.

Obsérvase unha tendencia crecente nos últimos anos do número de contratos realizados con cidadáns portugueses, tratándose, en máis da metade dos casos de contratos eventuais, polo que a precariedade laboral indica que a rotación é a estratexia básica de negociación da maó de obra polos empresarios.

**A partir do *Anuario estadístico de inmigración (2004)* e nunha aproximación groseira resultante de aplicar a porcentaxe de contratos realizados no sector da construción en España (40,91%) ao número de contratos asinados con traballadores portugueses na Galiza (8.766), poderíamos estimar un número de 3.586 cidadáns portugueses legalmente contratados no sector da construción na Galiza.**



#### **4. Análise empírica**

Tomando como punto de partida a información dos epígrafes precedentes, sendo conscientes da ausencia de estudos que aborden en profundidade o tema, pretendemos facer unha aproximación máis exhaustiva ao problema recorrendo a unha metodoloxía de natureza cualitativa, procurando complementar a visión que presentan as estatísticas oficiais. Neste senso traballaremos na procura da identificación das causas do fluxo migratorio así como os efectos do mesmo.

A análise empírica comprende en primeiro lugar unha análise das noticias de prensa aparecidas nos principais xornais portugueses e galegos que teñen como temática a mobilidade laboral de traballadores portugueses no sector da construción entre o Norte de Portugal e Galiza . Recóllense, ademais, os resultados de entrevistas realizadas a traballadores, organizacións sindicais e inspeccións de traballo.

##### **4.1 Análise de in prensa**

O obxectivo da análise de prensa é identificar e estudar as principais noticias difundidas por algúns dos órganos de comunicación social escrita portuguesa e española sobre a temática da investigación. A revisión de noticias temáticas sobre o fenómeno da mobilidade de traballadores portugueses no sector da construción entre o Norte de Portugal e Galiza tivo como referencia temporal o período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2006 e o 16 de Xuño de 2006, por tanto abrangue dezasete meses e medio.

Os xornais consultados e o número de noticias atopadas en cada un deles figuran reflectidos na seguinte táboa.



Táboa 1: Xornais consultados e noticias por xornal

XORNAIS	Nº DE NOTICIAS
Xornais portugueses de tirada rexional	
Diario do Minho	44
Correio do Minho	20
Total	64
Xornais portugueses de tirada estatal	
Jornal de Noticias	4
Correio da Manha	5
Expresso (versión dixital)	1
Total	10
Xornais galegos de tirada autonómica	
El Correo Gallego	1
Faro de Vigo	13
La Opinión	2
La Voz de Galicia	19
Metro Galicia	2
Vigo Metropolitano	1
Total	38
Xornais galegos de tirada estatal	
ABC	8
El Mundo	3
El País	11
Total	22

Fonte: Elaboración propia con datos dos xornais consultados

A pesquisa na prensa escrita portuguesa foi efectuada a partir das versións electrónicas dos xornais citados, empregando as seguintes palabras/expresións chave: “Galiza”, “Mobilidade”,





“Mao de obra”, “Emigración”, “Emigrante(s)” e “Traballo ilegal”. Desta análise obtivemos 74 noticias, 64 nos xornais de tirada rexional e 10 nos xornais de tirada nacional.

Nos xornais de tirada nacional en Portugal, o fenómeno específico da mobilidade transfronteiriza de traballadores unicamente figura en tres noticias, todas elas teñen como tema o aumento do desemprego en Portugal e a recesión que se experimenta no sector téxtil, calzado e a construción. A mobilidade de traballadores figura na prensa estatal cando suceden casos graves de exploración, accidentes, ou cando se realizan eventos nos que se aborda o tema do emprego, como é o caso de xornadas de traballo que reuniron a sindicalistas e a membros de inspección xeral de traballo de España e Galiza. En relación á caracterización do fenómeno tomando como referencia as noticias publicadas na prensa portuguesa de carácter rexional, estas fanse eco da existencia de traballo precario e ilegal de traballadores portugueses na construción en Galiza e da posibilidade do que este fenómeno medre na súa dimensión cuantitativa no futuro inmediato.

Para caracterizar o fenómeno, as fontes que empregan os diarios portugueses son as declaracións de sindicatos do sector da construción e entrevistas a traballadores. A cuantificación do mesmo figura con diferentes valores en función da fonte citada:

- Segundo o Sindicato da construción do Norte, están a traballar en España cerca de 50 mil traballadores;
- 60% dos referidos 50 mil teñen contrato de traballo;
- De acordo coa Federación Española de Sindicatos da Construción do Norte, polo menos 8 mil portugueses traballan ilegalmente e en condicións inferiores ás establecidas no sector da construción en España;
- Foron identificadas polo menos 3 empresas con mais de 100 traballadores portugueses;
- Os traballadores portugueses traballan de media 12 horas ao día;
- En media 3 cuartos albergan 15 persoas.



No caso da análise de prensa española e galega, as expresións chave foron “Traballadores”, “Obreiros”, “Portugueses”, “Lusos”; “Construción”. A pesquisa realizouse a través do motor de pesquisa de noticias ICONOCE (<http://www.iconoce.com>). O resultado da consulta foron 60 noticias, 38 nos xornais galegos e 22 nos xornais españois.

Os xornais de Galiza reflicten que a vitalidade económica da Comunidade Autónoma de Galiza e o aumento da demanda de pisos, son os factores que propician o aumento de traballadores na área transfronteiriza. O tratarse dun sector intensivo en man de obra con problemas de recrutamento motivados tanto por problemas demográficos derivados do envellecemento da poboación como pola imaxe negativa que ten o sector propiciando que os xoves non se incorporen ao mesmo. Os salarios que se pagan nas Illas Canarias son maiores, feito que determina o fluxo continuo de xoves galegos cara esa Comunidade. Ademais, estase a xeneralizar no sector a subcontratación vinculada á necesidade de traballadores especialistas en poucas tarefas e non a persoas con coñecementos amplos do oficio.

As tres circunstancias actúan como factores que favorecen a atracción de portugueses para o sector da construción da Galiza e conducen a movementos de traballadores de Portugal para Galiza, procurando tanto emprego como mellores condicións económicas que as vixentes en Portugal.

Das noticias revisadas podemos deducir que os traballadores que se deslocan para a Galiza son sobre todo de baixa cualificación, ocupando postos de traballo que esixen baixa especialización técnica (traballadores dos sectores da industria téxtil e construción que demandan empregos na área da construción civil, fuxindo do aumento de desemprego en Portugal e procurando oportunidades de traballo mellor remunerado). No sentido inverso (Galiza-Norte de Portugal) tamén se rexistran movementos de traballadores, mais con características diferentes de mobilidade dos traballadores portugueses, pois caracterízanse por seren altamente cualificados, buscando postos de traballo para os que a man de obra en Portugal é deficitaria. Toma aquí



especial destaque o sector da saúde, unha área onde a oferta de mao de obra en España supera as necesidades do mercado de traballo.

O fenómeno analizado abórdase desde a perspectiva de denuncias, traballo de investigación periodística ou entrevistas dos axentes implicados. Figura maioritariamente nos xornais da Galiza, en especial na Voz de Galicia e o Faro de Vigo. Sucede o mesmo en Portugal nos diarios rexionais, o Diario do Minho e o Correio do Minho. Os xornais estatais prestan atención ao tema posteriormente a algún accidente laboral ou automobilístico con traballadores portugueses involucrados. As noticias dos xornais españois tamén se caracterizan por non focaren o tema da incidencia do fenómeno na Galiza (onde se concentra a maior parte dos destacamentos de portugueses). Por seu turno, nos xornais galegos denótase interiorización do problema por parte dos propios xornais, así como dos axentes implicados (sindicatos, analistas, decisores públicos...). No entanto, a partir do que se recolle nos xornais españois, parece existir un maior alleamento do problema a nivel estatal (por exemplo, as denuncias canto a condicións laborais non se concretizan na situación específica dos traballadores portugueses).

En relación á caracterización da mobilidade laboral as cifras baralladas son diferentes tamén neste caso en función das fontes consultadas:

- Segundo os sindicatos, traballan na zona de Vigo 10.000 e en toda Galiza 20.000 traballadores portugueses
- Unha de cada dez empresas da provincia de Pontevedra emprega asalariados portugueses
- Segundo UGT e CCOO tratase de 8000 persoas

O modelo de funcionamento que se reflicte nas noticias dos xornais é o seguinte: as empresas portuguesas aportan o material e fixan cos empresarios portugueses os prezos da mao de obra por metro cadrado (sobre todo no caso do levantamento de estruturas), sendo eximidos de responsabilidades de control do persoal, seguranza social, salarios e mesmo días festivos). Outra modalidade empregada é a do recurso á subcontratación de empresas portuguesas, xa que



legalmente unha empresa estranxeira non pode traballar en España por máis de seis meses. É relativamente habitual atopar na prensa noticias que fan referencia a “mafias” que operan no Norte de Portugal.

Os engaxadores (persoas e empresas intermediarias subcontratadas que funcionan como aliciadores e comisionistas desta maos de obra) obteñen unha vantaxe financeira que iguala a diferenza entre o que cobran as empresas galegas e o que pagan aos traballadores portugueses, contratados con salarios de Portugal, aos que reteñen aproximadamente o 30 % do salario, a título de custos de deslocamento (transporte) e manutención. Por tanto, en primeiro lugar formalízanse os contratos en Portugal de modo que percibirán salarios inferiores aos galegos, xa que o salario mínimo interprofesional en Portugal é inferior. Posteriormente, non se lles aplica a normativa laboral española e, finalmente non están inscritos na seguranza social española. Esta situación leva a que traballadores portugueses feridos en accidentes de traballo sexan transferidos para Portugal para recibiren asistencia médica.

Os traballadores chegan da man de empresas consolidadas no sector. Normalmente os contratos son por obra e servizo. Os recrutadores, de nacionalidade portuguesa son os encargados de transportar aos traballadores normalmente en furgonetas. Trátase de deslocamentos diarios ou semanais. Algúns datos sobre as condicións laborais que se poden deducir das noticias son os seguintes:

- Cobran dous euros e medio por hora a maiores que no seu país
- Cobran como no seu país, un 33% menos que en Galiza
- Cobran unha media de 350 euros menos de salario que os galegos
- As xornadas diarias son de até 12 horas
- Comezan a cobrar horas extras a partir das 10 horas de traballo
- Chegan a Galiza sen coñecer o salario que percibirán



As empresas realizan o seus pedidos en relación ao número de traballadores, mais se se recrutan en orixe a mais traballadores dos demandados, contrátase a todos e repártese o salario que inicialmente se pensaba pagar por todos os que aceptaran a oferta de traballo.

O feito de ocuparen os empregos temporarios incrementa a posibilidade de accidentes laborais, tanto pola relaxación no cumprimento das normas de seguranza como polo interese de traballadores e empresarios no prolongamento da xornada laboral. O maior interese en traballar mais horas, por motivacións económicas redunda en risco laboral adicional (seguranza e saúde) en postos que esixen un elevado esforzo físico.

A xeneralización do réxime de subcontratación en empresas que carecen de cultura en materia de saúde laboral propicia a elevada incidencia de accidentes laborais. Os traballadores subcontratados pola súa falta de integración na empresa principal carecen de información e formación adecuadas, conducindo a unha maior exposición a riscos profesionais.

As condicións de vida e habitabilidade son as seguintes: en algúns casos créanse espazos nas propias obras para que vivan, coman, descansen ou durman; noutros deslócense desde os seus fogares até as obras situadas nalgúns casos a moita distancia ou teñen acordos cos patróns portugueses que lles facilitan cuarto, comida e o transporte: documéntanse situacións de convivencia en apartamentos masificados (entre 10 e 15 colegas de emprego ou de profesión). En definitiva, as tres casuísticas representan elementos que acrescentan o risco laboral. A situación psico-social do traballador pode repercutir tamén na seguranza e saúde no traballo. Canto máis curto é o período de tempo desde a chegada ao país, menos adaptados se encontran ás novas condicións de traballo e á rutina diaria, o que repercute negativamente na organización do traballo e, por tanto, na súa relación cos riscos laborais.

Finalmente, non é doado atopar na prensa situacións de explotación ou ilegalidade con condena, sendo tamén difícil determinar a localización das principais obras onde se emprega aos



traballadores, xa que non figuran localizacións concretas ou nomes. Tampouco se consegue unha percepción cuantitativa real do fenómeno.

#### **4.2 A Visión dos sindicatos**

As entrevistas efectuadas foron realizadas durante o período Xuño-Agosto do 2006, tanto a responsábeis de centrais sindicais galegas (Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores, Comisións Obreiras) como portuguesas (União dos Sindicatos de Braga, Sindicato da Construção Civil e de Madeiras). Empregouse un guión de entrevista para a recollida da información relevante.

O asunto abordado con máis insistencia polos responsábeis sindicais é o recrutamento con recurso a intermediarios e os diversos incumprimentos legais que lle van asociados. No esencial, a non existencia de contratos oficiais (coa consecuente ausencia de dereitos asistenciais e sociais para os traballadores) xunto co non cumprimento dos acordos verbais asinados á partida. Por regra, existe unha longa cadea de empresas (e intermediarios) subcontratadas en cuxo comezo se achan, preferentemente, grandes empresas e cuxas subempreiteiras que ceden mao de obra son portuguesas.

Na hora de facer unha caracterización do perfil dos traballadores portugueses que optaron por traballar no sector da construción na Galiza, os sindicatos coinciden e destacar que son: profesionais xoves, de idades superiores a 30 anos (con unha media de 35 anos), exclusivamente de sexo masculino, con diversas traxectorias laborais previas (nuns casos, proveñen do sector da construción, noutros, son traballadores desempregados de empresas dos sectores que entraron en crise en Portugal, e, aínda, noutros casos, son persoas que están a beneficiar do subsidio de desemprego en Portugal. Acoden á Galiza por falta de oferta de traballo en Portugal e procurando mellores salarios. En boa parte traballan como peóns, aínda que os sindicatos destaquen que hai tamén moito e bon persoal cualificado para, por exemplo, aplicar azulexo e pavimentos ou traballar a pedra.

As referencias feitas pola União dos Sindicatos de Braga e polo Sindicato da Construção Civil de Braga resultan de contactos estabelecidos con traballadores que se atopan operando nestas condicións e de viaxes realizadas por parte dos responsábeis sindicais a Galiza, para obter información da realidade xunto a traballadores e entidades sindicais locais. Os sindicatos galegos teñen consciencia do fenómeno polo coñecemento xeral do funcionamento do sector e por denuncias de traballadores portugueses e galegos. Os cidadáns portugueses denuncian



puntualmente situacións de incumprimento dos seus contratos, os galegos recorren aos sindicatos para denunciar a precariedade laboral xerada e a quebra salarial que lle ven asociada. **Compre sinalar que os cidadáns portugueses acoden moi ocasionalmente aos sindicatos e cando o fan é exclusivamente para denunciar o non pagamento dos salarios acordados con o seu empregador, e non para denunciar os distintos incumprimentos da legalidade vixente que referen tanto os sindicatos como a prensa.**

#### **4.3 A visión das entidades de inspección**

A equipa de traballo entrevistou aos xefes das delegacións rexionais de Viana do Castelo e Braga da Inspecção-geral de traballo e ao Inspector xefe de traballo de Vigo. A pesar da vontade manifestada por todos eles para actuar ante sospeitas, non dispuñan de datos sobre casos de posibles situacións de ilegalidade. A falta de medios técnicos e humanos e a ausencia de comunicación entre as autoridades de ambos lados da fronteira son os elementos máis determinantes que inciden na ausencia de actuacións ao respecto. Resolucións prácticas que permitan ás inspeccións de traballo concertar actuacións de acompañamento deste fenómeno laboral son demandadas con urxencia por parte dos responsábeis da inspección.

#### **4.4 A visión dos traballadores**

Non foi tarefa doada achegarse a traballadores portugueses que teñan desenvolvido actividade profesional en Galiza. A nosa intención era realizar entrevistas con un amplo número de traballadores que nos permitisen percibir a través da súa vivencia práctica os mecanismos inherentes á mobilidade laboral no sentido Portugal-Galiza. Unicamente tivemos acceso a dous casos, e non podemos, por tanto, consideralos representativos do conxunto estudado. Constitúen apenas testemuñas que serven para verificar e afianzar a veracidade das informacións proporcionadas polo resto de axentes entrevistados.

O primeiro entrevistado foi un traballador que se atopa desde fai anos en Barcelona recrutado directamente por unha empresa portuguesa, con situación xurídica regularizada, o que lle permite



deslocar a un elevado número de traballadores orixinarios de diversas localidades portuguesas. No segundo caso o traballador exerce unha actividade en Galiza. Este último indica que son os traballadores da súa rede de contactos os que captan a outros potenciais traballadores asumindo funcións de recrutadores da maó de obra dun xeito informal e por conseguinte menos controlábel nun contexto do mercado libre europeo.

Ambos entrevistados comentan que na maioría dos casos os traballadores non saben os dereitos que poden exercer ao desempeñar unha actividade profesional no Estado Español e sinalan como unha das características máis destacábeis o feito de viaxar semanal ou mensualmente en furgonetas cara a Galiza.

## **5. Conclusións e recomendacións**

A análise do fenómeno e a consulta dos distintos axentes relacionados co movemento de maó de obra na Euro-rexión Norte de Portugal – Galiza para traballar no sector da construción evidenciou a complexidade do fenómeno. Foi posíbel constatar a variedade de situacións e a diverxencia nas respostas entre os diferentes axentes implicados. Embora se verifiquen casos de total regularidade ao longo do proceso de contratación e mobilidade transfronteiriza, tamén constatamos a aparición de situacións de ilegalidade ou irregularidade nas distintas fases do proceso de entrada e permanencia de traballadores portugueses en Galiza para o exercicio dunha actividade profesional na construción.

Motivados por salarios máis altos e/ou por ofertas de emprego inexistentes na súa terra de orixe/residencia, a saída para o país veciño é unha alternativa de primeira liña. Ben ao finalizar o domingo ou ao amencer de todos os días laborábeis do ano, multiplícanse por todo o Norte do país os puntos de encontro de traballadores da construción civil que, regularmente chegan a Galiza e a outras comunidades do estado español. Territorios do litoral do Miño como Barcelos, Guimarães, e espazos da área transfronteiriza son algúns dos lugares de referencia na





caracterización deste tipo de mobilidade laboral. Nunha grande maioría, trátase de homes de 25 a 45 anos con formación de escolaridade mínima.

Os traballadores toman contacto coas ofertas de emprego a través de múltiples canais: anuncios en xornais, contactos directos de empresarios para os que prestan servizos en Portugal; ou por medios menos claros como contacto por recrutadores de mao de obra.

A lexislación referida ao fenómeno é ampla, xa que un traballador do Norte de Portugal que busque emprego e o acade do outro lado do espazo xeográfico transfronteirizo está suxeito á lexislación comunitaria, por tratarse de dous estados membros da UE, podendo neste ámbito facerse varias interpretacións do tema. Están suxeitos á lexislación portuguesa en materia de destacamento, pero deben respectar a lexislación estatal española e as características particulares das provincias da comunidade autónoma. Isto é, cada provincia establece convenios entre entidades patronais, sindicais e gobernamentais para o subsector da construción, polo que un traballador, ao exercer unha profesión na construción nunha das catro provincias de Galiza, estará suxeito ao establecido no respectivo convenio. As informacións recollidas apuntan para un amplo incumprimento dos convenios e da lexislación vixente, en xeral, constituíndo os traballadores portugueses da construción un segmento secundario do mercado laboral, con condicións laborais e salariais inferiores ás dos operarios locais.

O citado incumprimento constitúe un problema para a integración dos mercados laborais galego e do Norte de Portugal, xa que este feito dificulta a solidariedade entre traballadores dos dous territorios, unha vez que a parte galega percebe que os traballadores portugueses son os responsábeis da quebra nos salarios. Isto sitúa en risco a identidade común e a integración social da Euro-rexión, podendo ficar esta apenas reducida a un *desideratum* de elites político-administrativas.



Un dos problemas do fenómeno reside nas circunstancias en que se realiza a inspección das condicións de traballo a que os traballadores están suxeitos, pois as entidades de inspección atópanse coa incapacidade práctica de actuar en territorios fora do seu espazo xurídico. Este feito fai que urxa proceder a unha concertación e intercambio de información entre as entidades encargadas da fiscalización e que se estude a viabilidade de operativizar fiscalizacións conxuntas no espazo transfronteirizo, para identificar casos de posíbel explotación de traballadores e dar eficacia á inspección realizada.

Pola vía da concertación de actuacións será posíbel detectar eficazmente as actividades ilícitas, e establecer desincentivos para as mesmas. Como xa subliñamos, está en xogo a constitución dun auténtico mercado laboral integrado na Euro-rexión, que vaia mais alá da simple inserción de traballadores dun mercado laboral noutro, dando lugar a procesos de segmentación, onde os traballadores do país de destino forman un primeiro mercado con condicións salariais e laborais superiores ás dos traballadores que viaxan doutro país. Até o de agora estes integran un mercado secundario, con inferiores condicións laborais e salariais.

A nosa intención é avanzar cara á consecución de dito obxectivo a través de diversas propostas destinadas a mellorar o funcionamento do referido mercado e a permitir que se avance no coñecemento do fenómeno que conforma a atención deste estudo. Son elas as seguintes:

a) Mellora e axilización das redes ou canais de emprego a través dos que traballadores e empregadores se atopan no mercado de traballo, de modo que se reduza o espazo de intervención de axentes que non garanten a legalidade de todo o proceso de contratación e mobilidade, asegurándose que toda a información que precisan os traballadores chega a estes.

b) Construción de canais ou redes de emprego transfronteirizos. Sendo un dos principios da UE a mobilidade laboral e a creación dun mercado de traballo unificado, común a todos os países membros, o camiño para achegarnos ao mesmo comeza nas Euro-rexións que, con esa finalidade



deberán ser dotadas de medios e recursos. Construír un mercado laboral unificado a partir de mercados previamente separados implica a necesidade de construír canais ou redes de emprego transfronteirizas que permitan congrega a oferta e demanda que previamente estaban separadas. Este é xa un dos obxectivos das oficinas EURES transfronteirizas, ás que se deberían conceder maior relevancia e prover dos medios necesarios para tal fin, así como ofrecer información aos potenciais utentes dos servizos dunha rede pública e áxil de emprego transfronteirizo.

c) Constituír unha inspección de traballo transfronteiriza. A pretensión por parte da UE e da Euro-rexión estudada de crear un mercado laboral integrado leva á necesaria creación de institucións comúns, e, sinaladamente, converte en imprescindible a existencia dunha acción inspectora integrada e coordinada.

d) Implementación de actuacións inspectivas (policiais) conxuntas entre as policía de Galiza e do Norte de Portugal que posibilitaría descubrir posibles situacións de explotación e redes de tráfico de persoas.

e) Inclusión do tema da mobilidade laboral transfronteiriza e da problemática asociada nas axendas das cimeiras e reunións políticas bilaterais. Ademais de estudos que permitan acadar un mellor coñecemento do fenómeno analizado e o respectivo acompañamento, deberían de facerse esforzos serios de identificación de solucións políticas, legislativas, institucionais e xudiciais que permitan combater as irregularidades apuntadas neste traballo para que as relacións laborais e as condicións de traballo e emprego non conduzan a procesos de segmentación do mercado laboral da Euro-rexión.

f) Incremento das penalizacións que recaian sobre as situacións irregulares detectadas. Esta medida é, obviamente, complementaria das referidas anteriormente en materia de revisión regulamentar/legal e do reforzo da capacidade e eficacia inspectiva. A este propósito, nesta investigación detectouse que, se ben unha parte das contratacións respectan formalmente as



condicións legais, inclusive os convenios, na práctica mesmo algunhas empresas non cumpren todas as dimensións da lexislación vixente, nalgúns casos tamén por insuficiencia de información ou exceso de burocracia. Faise preciso por tanto, establecer mecanismos que permitan informar mellor a empresas e traballadores sobre as condicións de traballo en que poden operar, e no seguimento deste proceso informativo, punir severamente aos infractores. A este nivel, importa facer cumprir a Lei 45/1999, de 29 de Novembro sobre o destacamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional. Esta é unha lei de incorporación no ordenamento xurídico español da Directiva Comunitaria 96/71/CE. A Lei prevé que unha empresa residente noutro estado da UE que desloque traballadores para o estado español debe garantir aos traballadores as condicións de traballo establecidas pola lexislación laboral española relativas a: xornada de traballo, salario, igualdade de trato e non discriminación, traballo de menores, prevención de riscos laborais, non discriminación de traballadores temporais ou a tempo parcial e libre sindicación. Será obriga da empresa que desprace aos seus traballadores para territorios do estado español comunicar tal circunstancia ante a autoridade laboral española competente da provincia onde se vai prestar o servizo, con anterioridade a que se produza e independentemente da duración do desprazamento

g) Axilización da articulación entre as administracións aos diversos niveis relevantes para o fenómeno observado. Faise precisa tamén unha maior articulación nos ámbitos de intervención institucional referidos a saúde e seguranza social, manifestada a través dun intercambio de información áxil entre administracións para cubrir posíbeis lagoas regulamentares existentes propiciadas pola disolución da responsabilidade entre os diversos participantes no fenómeno, así como pelas diferentes situacións que conviven no mesmos.

h) Estabelecemento dun cadro normativo relativo ás relacións de traballo transfronteirizo co que se harmonicen procedementos e tratamentos legais que na actualidade non están homoxeneizados e que, en consecuencia supoñen problemas para a normal integración dos mercados laborais. É importante facer avances na harmonización do funcionamento das empresas de traballo temporal



e na harmonización da lexislación sobre contratación. Sería procedente facer unha exhaustiva análise da lexislación aplicábel nos dous países e, unha vez detectadas as situacións para as que existe duplicidade de procedementos ou dificultades de translación de un lado para outro da fronteira, crear un cadro normativo unificado.

i) Estabelecemento de mecanismos de intercambio de información entre institucións implicadas nos dous países. Esta medida permitiría a necesaria fluidez nas relacións dos cidadáns coa administración, así como detectar situacións de incumprimento da legalidade que se producen ao amparo precisamente da opacidade de información.

j) Posta en funcionamento do Rexistro de empresas acreditadas para ser subcontratadas, situación prevista na Lei española 32/2006 de 18 de Outubro reguladora da contratación no sector da construción. Este rexistro existe coa finalidade de certificar e recoller información de empresas que, pretendendo ser contratadas ou subcontratadas para traballos de construción, dispoñen dunha suficiente estrutura empresarial, medios e formación necesaria para cumprir os requisitos de prevención de riscos laborais. Xunto co rexistro de empresas, crease pola mesma lei o libro de subcontratación. É un documento obrigatorio para todos os empresarios que contraten e que deberá espellar todas e cada unha das subcontratacións realizadas nunha determinada obra. Ambos documentos, libro de subcontratación e rexistro de empresas, actuarán como ferramentas de información moi valiosas para a actuación dos axentes sociais e inspectores, así como para o estudo das cadeas de subcontratación. Ademais permitirán levar a cabo análises aínda pendentes de realización que testasen hipóteses relativas á relación entre subcontratación e traballo transfronteirizo, entre subcontratación e maior precariedade laboral ou entre subcontratación, seguridade e accidentes no traballo.

k) Desenvolvemento dunha campaña de formación e información especificamente dirixida a traballadores e empresarios sobre a lexislación laboral relevante. Constituiría unha medida de



prevención do incumprimento da lexislación vixente e facilitaría a integración dos traballadores portugueses no mercado laboral galego nas condicións desexábeis de igualdade.

l) Simplificación e normalización da documentación necesaria para que os empresarios portugueses destaquen traballadores para Galiza e os empresarios galegos legalicen traballadores estranxeiros.

m) Elaboración de censos relativos ao fluxo transfronteirizo de persoas e o desprazamento de traballadores, de forma que se poida observar con claridade e realidade as condicións e dimensión dos fluxos migratorios, a integración dos migrantes na sociedade e no mercado de traballo. As migracións internacionais son dos fenómenos mais difíceis de avaliar desde o punto de vista estatístico. As dificultades son múltiples: baixa calidade e comparabilidade da información estatística; diverxencias metodolóxicas intracomunitarias; discrepancias conceptuais; ausencia de rexistros informáticos centralizados entre países, insuficiencia de sistemas de información etc. A pesar das dificultades, a pretensión de crear mercados laborais unificados fai indispensable a existencia de información harmonizada, consistente, actualizada, rigorosa e exhaustiva sobre as condicións das migracións intracomunitarias. Estes censos facilitarían a actuación das institucións con responsabilidade sobre o fenómeno que nos ocupa (Inspección de traballo e Seguridade Social, fundamentalmente). Constitúen tamén un punto de partida imprescindible para unha análise mais aprofundada da natureza do fenómeno. A partir deles poderase construír unha tipoloxía de movementos transfronteirizos de persoas e cuantificar a súa dimensión. Para a recolla de datos estatísticos que se propón, é imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas, xa que moi probábelmente a citada recolla deberá facerse a través dos rexistros de poboación e outros rexistros administrativos. Os rexistros constitúen unha das tres fontes principais recomendadas polas Nacións Unidas para a recolla de datos estatísticos sobre migracións (xunto co control das fronteiras e os inquéritos á poboación), e son unha fonte cada vez mais empregada na Unión Europea para a recolla deste tipo de información estatística. No entanto, para a elaboración dos rexistros públicos é necesaria a colaboración e coordinación entre



responsábeis de diferentes institucións, entre as que se atopan diseminados ficheiros administrativos con información relativa a movementos transfronteirizos de poboación como por exemplo Seguranza Social, Ministerio de Traballo portugués e Consellaría de Traballo galega, Secretaría Xeral da Emigración dependente da Xunta de Galiza, Secretaría de Estado das Comunidades Portuguesas dependente do Goberno da República Portuguesa e Consello das Comunidades Portuguesas.

### **Bibliografía**

Anderson, B. e Davidson, J.O.C. (2003): “Is trafficking in human beings demand driven? A multi-country pilot study”, *Migration Research Series*, nº 15, International Organization for Migration, Geneva.

Castles, S. (2000): “Globalization and migration: some pressing contradictions”, *Ethnicity and globalization: from migrant worker to transnational citizen*, Ed. S. Castles, Sage Publications, London.

Castles, S. e Kosack, G. (2000): “Western Europe: the “guests” who stayed”, *Ethnicity and globalization: from migrant worker to transnational citizen*, Ed. S. Castles, Sage Publications, London.

Ceinos Suárez, A. (2006): “El trabajo de los extranjeros en España”, La Ley, Madrid.

Colectivo IOE (1995): “Inmigrantes y mercados de trabajo en España. Planteamiento general y aplicación a un caso concreto: los trabajadores marroquíes en el sector de la construcción en la Comunidad de Madrid”, *Seminario Inmigración, Empleo e Integración Social*, Universidad Menéndez Pelayo, Santander.



Colectivo IOE (1998): “Inmigración y trabajo. Trabajadores inmigrantes en el sector de la construcción”, *Colección Observatorio Permanente de la Inmigración*, nº 1. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales-Instituto de Migraciones y Servicios Sociales, Madrid.

Comissão das Comunidades Europeias (2003): “Orientações relativas ao destacamento de trabalhadores no âmbito de uma prestação de serviço”, em <http://eur-lex.europa.eu/>.

Comissão das Comunidades Europeias (2003): “Orientações relativas à introdução do cartão europeu de seguro de doença”, em <http://eur-lex.europa.eu/>.

Consejo Económico y Social de España (CES) (2004): “Informe sobre la inmigración y el mercado de trabajo en España”, <http://www.ces.es/informes/2004/inf0204.pdf>.

Direcção Geral de Estudos, Estatística e Planeamento (2006): “Boletim Estatístico de Julho de 2006”, em DGEEP: <http://www.dgeep.mtvss.gov.pt>.

Fawcett, J.C. (1989): “Networks, linkages and migration systems”, *International Migration Review*, Vol. 23, pp. 671-680.

Gurak, D.T. e Caces, F.E. (1992): “Migration networks and the shaping of migration systems”, *International migration systems: a global approach*, Ed. M.M. Kritz *et al.*, Clarendon Press, Oxford.

Instituto Galego de Estatística (IGE) (2001): “Censo de poboación e vivendas 2001”, en <http://www.ige.eu/>.

Instituto Galego de Estatística (IGE) (1986-2006): “Padrón municipal de habitantes: 1998-2006.” en <http://www.ige.eu/ga/index.htm>.





Instituto Galego de Estatística (2006): “**Padrón Municipal de Habitantes de 1998 - 2006**”, en <http://www.ige.eu/ga/index.htm>.

Instituto Galego de Estatística (2004): “**Padrón Municipal de Habitantes de 2004**”, en <http://www.ige.eu/ga/index.htm>.

Instituto Nacional de Estadística (2002): “Los extranjeros residentes en España 1998-2002”, Madrid.

Instituto Nacional de Estadística (2005): “Encuesta de Población Activa - 2005”, Madrid.

Instituto Nacional de Estatística (2004-2006): “Estatísticas do Emprego – Indicadores de População”, em <http://www.ine.pt>.

Xunta de Galicia (2006): “Datos do desemprego”, en <http://www.xunta.es/>.

Kaye, M. (2003): “The migration trafficking nexus: combating trafficking through the protection of migrants human rights”, Anti-Slavery International, London.

Kyle, D. e Dale, J. (2001): “Smuggling the state back in: agents of human smuggling reconsidered”, *Global human smuggling: comparative perspectives*, Ed. D. Kyle e R.

Koslowski, The John Hopkins University Press, London.

Long, J. e Ferri, J. (2003): “Labour mobility”, *The Oxford encyclopedia of economic history*, Ed. J. Mokyr, Oxford University Press, New York.



López de Lera, D. (1993): “Análisis de las estadísticas sobre población extranjera”, *Serie de Artículos y Ponencias del Instituto de Demografía del CSIC*, Madrid.

Martínez Veiga, U. (2004): “Trabajadores invisibles. Precariedad, rotación y pobreza de la inmigración en España”, Editorial Catarata, Madrid.

Ministerio de Trabalho e Assuntos Sociais (MTAS): “Anuario estadístico de inmigración”, <http://extranjeros.mtas.es/>.

Organização Internacional de Trabalho (1975): “Convenção n.º 143 relativa às migrações em condições abusivas e à promoção de igualdade de oportunidades e de tratamento dos trabalhadores migrantes”. em <http://www.oit.org/>.

Peixoto, J., Goucha Soares, A., Costa, P.M., Murteira, S., Pereira, S., Sabino, C. (2005): “O tráfico de migrantes em Portugal: Perspectivas sociológicas”, jurídicas e políticas, Alto-comissariado para a imigração e minorias étnicas (ACIME), Porto.

Perkmann, M. (2002): “Euroregions: institutional entrepreneurship in the European union”, *Globalization, Regionalization and Cross-Border Regions*, Ed M. Perkmann e S. Ngai-Ling, Palgrave, London.

Ruggiero, V. (1997): “Trafficking in human beings: slaves in contemporary Europe”, *International Journal of the sociology of law*, Vol. 25, pp. 231-244.

Salt, J. (2000): “Trafficking and human smuggling: an European perspective”, *international migration*, Vol. 35, pp. 367-491.



Secretaria de Estado de Inmigración y Emigración (2004): “**Anuario estadístico de inmigración**” em [http://extranjeros.mtas.es/es/general/ANUARIO\\_INMIGRACION\\_2004.pdf](http://extranjeros.mtas.es/es/general/ANUARIO_INMIGRACION_2004.pdf).

Taran, P.A. e Moreno-Fontes Chanmartin, G. (2002): “Getting at the roots: stopping exploitation of migrant workers by organized crime”, International Labour Organization, Geneva, <http://www.ilo.org/public/english/protection/migrant/download/pom/pom1e.pdf>.

Tilly, Ch. e Tilly, Ch. (1998): *Work under capitalism*, Wetview Press, Oxford.

Valls Campa, L. (2005): “Desaparición y persistencia de la frontera entre España y Portugal: El caso de los trabajadores transfronterizos en la eurrregión Galiza-Norte de Portugal”, em <http://www.ritsumeai.ac.jp/acd/re/k-rsc/lcs/kiyou/17-4/17-4VALLS%20CAMPa.pdf>